

**A COLECCIÓN «EL SAMURÁI DEL REY»,  
DE MARCOS CALVEIRO: AVENTURA E HISTÓRIA  
PARA O PÚBLICO ADOLESCENTE**

The reading of picturebooks by blind children: a construction of paths

Isabel Soto<sup>1</sup>

**RESUMO:** Este artigo tem por objetivo ofrecer una aproximación ás ás principais características que compoñen as obras que o escritor galego Marcos Calveiro publicou até o momento. Para tanto, analízanse os temas e os elementos discursivos máis relevantes da súa primeira produción literaria en lingua castelá: a colección “O samurái do Rei”. Trátase de una serie de catro volumes que aborda en viés realista o século XVII español. Nesse contexto, desenvólvese una amizade entre Sebastián Corcovado e o japonés Tomás Felipe Mizoguchi, alé das aventuras e as intrigas nas quais eles se veem involucrados.

**PALAVRAS-CHAVE:** aventuras, ficción histórica, O Xapão, novela iniciática, Século XVII español.

**RESUMO:** Tras ofrecer unha aproximación ás claves fundamentais presentes nas obras que o escritor galego Marcos Calveiro publicou até o de agora, analízanse os temas e elementos discursivos máis relevantes da súa primeira achega en lingua castelá: a colección «El samurái del rey». Trátase dunha serie de catro novelas que abordan en clave realista o século XVII español, marco no que se desenvólve a amizade entre Sebastián Corcovado e o xaponés Tomás Felipe Mizoguchi e teñen lugar as aventuras e as intrigas nas que se ven involucrados.

**PALABRAS CHAVE:** aventuras, ficción histórica, O Xapón, novela iniciática, Século XVII español.

#### MARCOS CALVEIRO: ELEMENTOS PARA UNHA POÉTICA

O escritor galego Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), encadrado na denominada Xeración dos 90 (ROIG RECHOU, 2015), está considerado unha das voces máis persoais da narrativa infantil e xuvenil galega, á que soubo achegar historias que acadaron o favor de crítica e público lector pola orixinalidade dos temas abordados e un estilo coidado e recoñecible.

O seu debut nesta produción chegou con *Sari, soñador de mares*

---

<sup>1</sup> Isabel Soto é licenciada en Filoloxía e traballou en diferentes iniciativas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil. Na actualidade, dedícase á divulgación da literatura e á tradución.

(2006), un exercicio de estilo que sorprendeu polo seu poder evocador e por constituír unha homenaxe á fabulación, ao dialogar co universo ideado por Álvaro Cunqueiro en *Se o vello Sinbad volvese ás illas* e coa ampla tradición literaria oriental. Mediante unha estratexia de ampliación, o autor retoma un elemento argumental e un personaxe coñecido e outórgalles novos rumbos, humanidade e vida. O encontro entre Sari e un Simbad xa vello revélase decisivo para a aprendizaxe do rapaz, quen, tras interiorizar o relato das insólitas vivencias a cabalo entre a realidade e a ficción do seu mestre e amigo, emprende o seu propio camiño.

A súa segunda obra, *Rinocerontes e quimeras* (2007), confirmou as expectativas creadas pola aparición dunha nova voz de tanta calidade, ao se tratar dun texto radicalmente distinto na súa concepción e cunha insólita escolla argumental e estrutural para o público xuvenil<sup>2</sup>, co que ademais volveu demostrar a plasticidade da súa prosa. O texto interpela o lector dende unha interesante estratexia narrativa: as diferentes voces da enunciación ofrecen outros tantos puntos de vista sobre a historia con rupturas das liñas temporal e espacial. Ademais, preséntase un diálogo con variados intertextos, dirixido a un lector ao que se concibe con competencia abonda para se enfrontar ao desafío de achegarse, comprender e reflexionar sobre a deformidade nos derradeiros anos do século XIX e o desenvolvemento do circo como fascinante espectáculo, coa súa oferta de «prodixios da natureza», ilusionismo, autómatas e máquinas diversas que representan o culto ao progreso vixente naquela altura. E todo isto nun discurso ficcional que se combina con acontecementos e datos históricos e literarios de base real, un aspecto que se converterá en recorrencia nas obras posteriores do autor.

Coa súa terceira obra, *O carteiro de Bagdad*<sup>3</sup> (2007), Calveiro decídese a explorar un público dunha menor franxa de idade, a quen lle dirixe unha historia de amizade e superación a través da inmersión psicolóxica no personaxe dun neno que vive no Bagdad en guerra, sufrindo as consecuencias dunha contenda inacabable que trastorna o devir cotián da súa familia. Neste desolador contexto ofrécese unha luz de esperanza ao final, despois de que o personaxe realice unha perigosa viaxe de resonancias fantásticas, lendarias e

---

<sup>2</sup> Xa Sari, *soñador de mares* amosaba un claro afastamento das lecturas habituais que se dirixían naqueles anos ao público xuvenil –con destacadas excepcións, por suposto, entre elas, moitas das obras de Agustín Fernández Paz, gran representante e defensor da denominada «literatura de fronteira»–. Calveiro construíu un lector posible ao que lle dirixiu procesos de metaforización e experimentación estética que ían alén da constelación de intereses da mocidade, tan amplos e variados coma os múltiples «gustos» que caben no concepto «xuvenil». A este respecto, cabería aplaudir a aposta realizada polo seu primeiro editor en Edelvives, Ignacio Chao, que acabou callando na irrupción e consolidación dunha interesante obra para o público mozo e tamén para o infantil.

<sup>3</sup> A partir dos 10 anos. A obra mereceu o XVIIIº Premio Ala Delta de Literatura Infantil de 2007, galardón ao que concorren orixinais en todas as linguas do Estado español.

iniciáticas.

A seguir, para a un lectorado de idade similar á anterior, chegaría *O canto dos peixes* (2008)<sup>4</sup>, outro relato realista centrado na amizade que xorde entre un vello mariñeiro e un rapaz pertencente a un ambiente marxinal. Neste caso a fantasía irrompe para destacar a importancia do mar e o seu universo mítico, o esquecemento e estrago ao que o somete unha sociedade na que se impón un progreso desapiadado, ademais de incidir de novo na dimensión de aprendizaxe que reside no fértil contacto entre dous seres humanos en circunstancias difíciles<sup>5</sup>.

Nos anos sucesivos, o autor regresa á literatura xuvenil, eido no que segue a recibir premios. Así, a historia como fonte para construír a ficción é o esteo que sustenta *O pintor do sombreiro de malvas* (2010)<sup>6</sup>, onde se achega á creación pictórica da man dun Vincent Van Gogh no seu momento de maior decadencia. Refuxiado na pequena vila francesa de Auvers-sur-Oise durante o verán de 1890, traba amizade cun mozo adolescente de dezaseis anos en pleno camiño cara á madurez que se

---

<sup>4</sup>A partir de 12 anos. Premio O Barco de Vapor 2008 e White Ravens 2008.

<sup>5</sup>Nese mesmo ano 2008, o autor dá o salto á literatura adulta con *Festina lente* (2008), liña á que tempo despois se sumarían *Settecento* (2010), *Fontán* (2015) e *O xardineiro dos ingleses* (2017). *Festina lente* proponnos unha viaxe polo mundo dos libros, a imprenta e os impresores na Compostela do século XVII a través da peripecia de Ambrosio Cavaleiro, nunha trama ateigada de intrigas e cun completo retrato da sociedade da época. A novela foi Premio da Crítica galega 2008, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa para adultos en 2008 e Premio Irmandade do Libro 2009 ao Mellor Libro Galego de 2008. Con Vivaldi nos seus derradeiros anos de vida como fío condutor, *Settecento* dialoga coa música barroca, presente mesmo na estrutura e o ritmo, no marco da Venecia do século XVIII, aínda que a acción nos leva tamén a cidades como Viena, París e, por un xiro argumental, a Santiago de Compostela. En *Fontán* (IX Premio Narrativa Breve Repsol 2015), volve o autor demostrar a súa pericia coa historia ao recrear a vida persoal e profesional do ilustrado, matemático e topógrafo Domingo Fontán (Portadeconde, Portas, Pontevedra, 1788-Cuntis, Pontevedra, 1866), co obxecto de rescatar a súa figura e fabular sobre feitos como a elaboración da primeira carta xeodésica de Galicia, coñecida popularmente como o «mapa de Fontán». E en *O xardineiro dos ingleses* (Premio García Barros 2017), recupera a intrahistoria de Vilagarcía de Arousa, a súa vila natal, a través de dous planos temporais: un que nos leva a comezos do século XX, mediante o retrato da humilde vida de Delia Cores, que muda de vez cando coñece a Fritz e a James, un alemán e un inglés, e ten un fillo de solteira, Edelmiro, anos despois convertido no xardineiro do Cemiterio dos Ingleses; e un segundo que se sitúa no século XXI, da man do escritor e investigador Modesto Filgueira, que entrevista a Edelmiro para coñecer o segredo que agocha unha das tumbas do Cemiterio. A obra enlaza diversos personaxes e subtramas que dan conta da presenza na ría de Arousa de espías ou do paso pola vila de Federico García Lorca, o pintor Sorolla ou mesmo Castelao. En todas estas obras salientan as similitudes discursivas, estilísticas e temáticas coa produción dirixida ao público infantil e xuvenil.

<sup>6</sup> Premio Lazarillo 2009, White Ravens 2011, Mellor libro infantil-xuvenil recoñecido pola Asociación de Escritores en Língua Galega en 2011, Finalista dos Premios da Crítica Galicia 2011, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil de 2010. Ademais, as ilustracións de Ramón Trigo para o volume mereceron o XVII Premio CCEI de Ilustración «Isabel Niño» 2011.

converterá no seu axudante. De novo a narración aparece cargada de detalles tomados da realidade e pon de relevo a transcendencia do encontro entre dous seres con diferente nivel de experiencias.

Pola súa parte, *Centauros do Norte*<sup>7</sup> (2011) sitúanos no México revolucionario para, da man de Rafael, un mozo músico de dezaseis anos, cabalgar con Pancho Villa e descubrir unha historia de amor, que tamén abrangue a busca da liberdade e a vocación persoal, así como o sutil fío que separa o ben do mal. Neste caso, o mundo do cine e a revolución mexicana convértense en elementos integradores de multitude de anécdotas de base real.

En *Palabras de auga* (2012)<sup>8</sup>, o autor presenta unha novela de formación artellada a partir da lectura dunha nova xornalística de finais de maio do ano 2010 sobre a fame terrible que afectou ao Sahel e a estratexia para sobrevivir que puxeron en práctica as nais: roubarlles o alimento ás formigas raíñas. Con estes vimbios recrea a vida do preadolescente Amadou e a cultura suahili, tanto na trama coma na estrutura discursiva, manexando de novo información real no universo ficcional.

Nun rexistro máis apegado ao realismo e aos tempos actuais, en 2013 publica *Todos somos*, centrada no efecto dun tráxico suceso, a desaparición dunha rapaza de doce anos, na sociedade, deixando á interpretación do lector determinados comportamentos dos personaxes, que se retratan cun hábil xogo de perspectivas: a da xornalista Belén Soliño enferma de sensacionalismo, a da inspectora Lina Souto, a dun neno chamado Antón, a dos adultos...

Nese mesmo ano, Calveiro publica un relato infantil que foxe das convencións habituais, *Raro* (2013)<sup>9</sup>, no que, como evidencia o título, presenta un personaxe caracterizado pola diferenza malia sufrir ansiedade e temor a todo o que o rodea. Así, Tomás constrúe o seu propio universo pechado no seu cuarto e só supera o medo grazas á curiosidade que esperta nel Ana, unha nena de personalidade firme e decidida que, dende a súa cadeira de rodas, remata por ser a causante do desenlace e supón a fin do pánico.

O regreso ao público mozo prodúcese con *As palabras poden matar* (2015), unha novela de aprendizaxe ambientada nun escenario desfavorecido, nunha colonia de favelas cuxos habitantes sofren a tiranía do Chibo, que se caracteriza pola alternancia de voces narrativas e a utilización de flashbacks e monólogos dos personaxes.

---

<sup>7</sup>Premio Raíña Lupa 2010.

<sup>8</sup>De 11 anos en diante. XXVII Premio Merlín de Literatura Infantil 2012; Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil no 2012 e a inclusión nas listas de honra do IBBY no 2013.

<sup>9</sup>A partir dos 5 anos.

Nese mesmo ano innova de novo co relato infantil *Unha casaña branca* (2015)<sup>10</sup>, que propón unha lectura simbólica da contaminación do medio a través do deseño dun espazo case distópico: o vertedoiro no que viven NenoRadio e NenaPilas, quen loitan por sobrevivir aferrados á súa única posesión: o obxecto que lles dá nome. Cando coñecen o vello Matusalén, todos emprenden o camiño de descuberta da súa soñada casaña branca, fóra do mundo infindo do vertedoiro e da contaminación.

A súa produción até o momento complétase con *Días azuis, sol da infancia* (2017), unha novela de formación arredor de feitos acontecidos durante a Guerra civil española arredor das pescudas de Nico para coñecer o pasado do seu avó Nicasio, que se completa co relato da vida deste cando mozo; *Pablo e as pombas* (2018), relato que entretece feitos reais da vida de Picasso coa ficción para recrear o tempo que pasou na Coruña, onde espontou a súa paixón pola pintura, fixo a súa primeira exposición e viviu o seu primeiro amor; e *Todos fomos* (2021), onde retoma o espazo e os personaxes de *Todos somos* seis anos despois da desaparición de Natalia para ofrecer unha intriga asentada na sociedade actual e nos seus comportamentos.

Ademais dunha prosa plástica cargada de metáforas e descrições, que aposta polo coidado da expresión e a riqueza léxica, a poética de Calveiro nestas obras decántase por trazos como o engarzamento de tramas, a construción de personaxes atractivos e en absoluto planos, a variedade e alternancia de espazos, tempos e perspectivas, os finais sorprendentes e unha marcada intertextualidade. Por outra parte, o autor parece sentir predilección polas historias de aprendizaxe, con trazos iniciáticos, nas que adoitan convivir personaxes de idades diferentes co fin de tirar partido da dicotomía entre a experiencia dun adulto e a inexperiencia dun personaxe en proceso de formación, e manéxase con acerto no terreo da intriga e da novela histórica, elixindo diferentes épocas e/ou localizacións como contexto narrativo co obxecto de mesturar personaxes e feitos ficticios con outros reais. A introdución destes elementos, ás veces cun papel central, outras tanxencial, funciona, ben como adorno para resaltar a ambientación, ben como motivo que incentiva a curiosidade do lector, establecendo unha curiosa rede de relacións entre a realidade e as súas posibilidades ficcionais, ao tempo que se explora a delgada liña entre ambos os parámetros.

#### A COLECCIÓN «EL SAMURÁI DEL REY»

Entre 2010 e 2011, Marcos Calveiro publicou a serie de catro novelas intitulada «El samurái del rey», un proxecto acollido pola editorial

---

<sup>10</sup> A partir de 8 anos.

zaragozana Edelvives, que integra unha serie que combina os rexistros do xénero histórico, o de aventuras e intriga, tituladas *El camino de Levante*, *La calavera del indio*, *La corte de los prodigios* e *La cofradía de los locos*.

Dado que se trata dun autor que, como vimos, comezou e desenvolveu a súa carreira literaria na literatura galega, pode sorprender o feito de que estas narracións se editasen en castelán, mais ao revisar a páxina de créditos dos correspondentes volumes descóbrese que se trata da tradución de textos orixinalmente escritos en galego realizada por Enia Andrade, que non foron publicados na súa lingua orixinal<sup>11</sup>.

Partícipe das claves enunciadas liñas arriba, a serie «El samurái del rey» supón un paso máis na poética de Calveiro, pois malia contar con case todas elas, nesta ocasión a ambientación histórica no século XII español combínase cos códigos do xénero de aventuras, na tradición das historias de capa e espada, ben difundidas a través de libros e filmes, para recrear a atmosfera do Século de Ouro español dunha maneira amena e atractiva.

Os paratextos da colección non inclúen ningunha recomendación sobre a idade á que se destina; no entanto, na páxina web da editorial si se detalla a prescrición de lectura a partir dos dez anos. Este aspecto revela quizais unha aposta por se adaptar á madurez de parte dos lectores actuais desta idade, aos que se considera suficientemente competentes para se enfrontar a unha trama situada nun contexto histórico distante. É este un aspecto nada frecuente na produción infantil e xuvenil, tendo en conta que non son moitas as editoriais que apostan por historias que se afasten da infantilización argumental, algo visible tamén nas caducas clasificacións de idade que en ocasións se manexan. Asemade, esa ausencia de delimitación de idade nos exemplares abre a posibilidade de que se convertan en lectura para outro tipo de públicos que poidan sentirse atraídos polo deseño, o título, a temática ou a ambientación histórica anticipada nos paratextos.

É de salientar o coidado deseño da colección, que se presenta con cubertas semirríxidas ilustradas e adornadas con letras e motivos gráficos en relevos dourados; gardas en papel negro, que tamén se adornan co motivo dun dragón dourado e letras do alfabeto xaponés; todos eles, elementos funcionais que apoian o diálogo coa cultura do samurai que lle dá título á serie. Por outra banda, nas portadas, ademais do título da colección, que fai referencia ao personaxe que centraliza o interese polo seu exotismo no contexto no que se sitúa, inclúense tamén os títulos de cada unha das novelas, que tematizan algún elemento da trama.

Tanto as cubertas coma o corpo do libro, en papel de gran calidade,

---

<sup>11</sup>Preguntado ao respecto no momento da publicación, o autor manifestounos que só estaba previsto comercializar estas novelas en castelán, debido ás reticencias da editorial a acometer tamén o proxecto en lingua galega.

presentan ademais profusas ilustracións a cor, obra de Ramón Trigo (Vigo, 1965). As imaxes elixidas para as cubertas anticipan algún aspecto da trama e as interiores, bastantes delas a dobre páxina, destacan pola profusión de detalles e a súa esmerada técnica pictórica. Acompañan a narración poñendo de manifesto a relevancia dalgúns episodios, obxectos e personaxes e apoian decisivamente as descricións ambientais. Trátase sen dúbida dun coidado traballo do ilustrador, que soubo empaparse do texto e deixar voar a súa creatividade.

Tras este primeiro achegamento ao aspecto externo dos volumes, podíamos preguntarnos: que relación pode existir entre o século XVII español e un samurai? Inmediatamente, aos lectores españois pode lembrarnos unha serie da televisión pública de grande éxito hai anos – *Águila roja*, adaptada posteriormente a longametraxe –, na que un personaxe de vida rutineira, un mestre, se converte en heroe enmascarado e soluciona conflitos, ao tempo que indaga nas súas misteriosas orixes familiares. O disfrace elixido, semellante ao dun *ninja*, a súa destreza coa catana e o emprego da *kinésica* das artes marciais, proceden do seu coñecemento e formación no sistema de valores da cultura oriental. Non obstante, despois dunha sinxela indagación, algo que resisten á perfección as obras de Calveiro, e ao que mesmo nos invitan, descubriremos que non existe parentesco ningún entre ambas as ficcións. A presenza do samurai de Calveiro en terras españolas responde a un feito histórico bastante descoñecido para o gran público pero ben documentado: a existencia real dunha embaixada xaponesa en terras españolas, que arribou a Sevilla en 1614 coa misión de visitar primeiro o rei Felipe III en Madrid e despois o Papa Paulo V en Roma<sup>12</sup>. Comprobamos pois que a idea de facer circular un xaponés pola España desa época non é en absoluto desatinada, senón que responde a un feito real sobre o que o autor se

---

<sup>12</sup>A este respecto pode consultarse o artigo de Marcos Fernández Gómez, “La misión Keicho (1613-1620). Cipango en Europa. Una embajada japonesa en la Sevilla del siglo XVII”. Disponible en: [http://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/70275/1/La\\_mision\\_Keicho\\_\(1613-1620\)\\_Cipango\\_en\\_.pdf](http://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/70275/1/La_mision_Keicho_(1613-1620)_Cipango_en_.pdf) Neste artigo faise constar que “Incluso está bien documentado algún caso concreto como el de don Tomás Felipe, jefe de la guardia del embajador, que tras unos azarosos años por España se embarcó en Sevilla con destino a su patria en 1623”. Tamén na web do Concello de Coria del Río (<http://195.57.5.10:8080/opencms/opencms/coria/municipio/Historia/apelljapon.html>) se detalla a historia da embaixada, así como a existencia dun monumento que conmemora a visitae os numerosos sevillanos que levan o apelido Japón e as súas variantes. Do feito dan conta tamén obras como: D. Ortiz de Zúñiga, *Anales eclesiásticos y seculares... de Sevilla*, Madrid, 1796; J. Velázquez Sánchez, *La embajada japonesa en 1614. Historia sevillana*. Sevilla, 1862; J. Guichot Parody, *Historia de la Ciudad de Sevilla*, Sevilla, 1882; A. Domínguez Ortiz, *Historia de Sevilla. La Sevilla del siglo XVII*, Sevilla: Universidad de Sevilla, 1984; ou J. Gil, *Hidalgos y samurais. España y Japón en los siglos XVI y XVII*, Madrid: Alianza, 1991, entre outras fontes, ademais da documentación conservada no Arquivo Municipal de Sevilla. O novelista xaponés Shusaku Endo utilizou a viaxe na súa obra *El samurái* (Edhasa, 2008).

documenta para construír unha ficción, proba do seu gusto por peneirar a Historia ao rescate de detalles curiosos.

### *EL CAMINO DE LEVANTE*

A primeira entrega comeza adiantándonos o desenlace da historia: a despedida dos seus protagonistas, Sebastián Corcovado, artífice do relato, e Tomás Felipe Mizoguchi, que ten lugar en Sevilla o 7 de xuño de 1620, tras compartir múltiples peripecias desde que se coñeceron o 23 de outubro de 1614, cando Sebastián tiña doce anos. Os dous capítulos de presentación dan conta do seu adeus no peirao e do regreso do mozo ao abandonado palacio do seu protector don Pedro de Gárate, no que transcorreu a súa infancia, lembrando momentos compartidos a carón do seu amigo.

Sebastián comeza a crónica da súa vida, detallando o que coñece das súas orixes cordobesas e da súa infancia ao coidado da aia Francisca, a fonte das revelacións sobre esa etapa, marcada polo rexeitamento materno por nacer coas pernas tolleitas e a preocupación de seu pai, que se arruína buscando un remedio que combata ese mal. Tras a morte dos seus proxenitores, Francisca acolle o orfo e lévao a Sevilla, onde medra oculto no palacio de don Pedro, entre xogos solitarios ao principio e, posteriormente, tras conseguir a aceptación do mercador e avogado, por toda a casa, mesmo internándose na biblioteca cando se converte en axudante do seu protector, quen lle aprende a ler. Sebastián atopa alí acubillo ao se sentir fascinado pola lectura fronte a un mundo exterior do que considera que nada ten que ofrecerlle a un anano eivado coma el:

Línea a línea, fui descubriendo un mundo que desconocía, un mundo en el que no importaba el tamaño o el aspecto, un mundo donde podía ser el muy esforzado caballero Palmerín de Inglaterra, hijo del rey don Duardos, o Ulises el guerrero, luchando con cíclopes y brujas a la busca de Ítaca (I, p. 42).

Da man de don Pedro, o rapaz abandona a súa reclusión e coñece por fin a vida da cidade e é durante unha das súas saídas cando asiste ao abuso que un fidalgo exerce sobre a súa escrava mulata, Marcela, o que decontado esperta a súa solidariedade:

Los dos, yo con mis taras, ella con su color, éramos como dos islas solitarias en la inmensidad de aquel mar de cuerpos derechos y pieles blancas. Los dos éramos prisioneros de nuestros cuerpos, reos de la diosa Fortuna, que tan malas cartas



nos había repartido (I, p. 49).

Nel afiánzase pouco a pouco o desexo de salvala do xugo do seu cruel amo, que se concretará tras coñecer no taller de pintura do mestre Pacheco o mozo Diego Velázquez, o seu primeiro amigo, “alguien que no me miraba por encima de mi hombro de enano lisiado” (I, p. 57); e tamén a Leonor, unha rapaza nobre, e a Tomás Felipe, acabado de chegar como integrante da embaixada xaponesa, recibida na cidade con grande algarabía. Os tres implicaranse no plan de Sebastián para salvar a Marcela, combatendo contra as escaramuzas da perigosa confraría da Garduña rexida por Lucas o Valenciano e os seus misterios, nos que parece estar tamén implicado don Pedro.

Tomás Felipe fica na cidade tras a partida dos seus compatriotas a Madrid para preparar a viaxe de regreso, o que dará pé a novas aventuras no futuro. A novela conclúe cun parágrafo que anuncia a próxima chegada da Frota das Indias ao porto do Arenal de Sevilla, o cal se converterá no asunto da segunda entrega.

#### *LA CALAVERA DEL INDIO*

Iníciase coa chegada da Frota tres meses despois. Sebastián e Tomás Felipe afianzaron a súa amizade ao longo deste tempo converténdose en inseparables, compartindo conversas nas que se degrañan a cultura nipoa e a personalidade dos membros desta estraña parella, incidindo tamén nas diferenzas que separan os seus respectivos mundos. O contraste de culturas e a rectitude do nipón levan a Sebastián a definir a súa realidade como “un imperio de roñosos, blasfemos, hipócritas e insaciables golosos” (II, p. 28), de acordo coas apreciacións de Tomás Felipe. Como elementos que se encadean coa entrega anterior, introdúcense as novas sobre a embaixada xaponesa ao seu paso pola Corte e as especulacións sobre a sorte que correría Marcela.

Tomás Felipe e Sebastián traban amizade co capitán galego Bieito Ferreira, que lles revela que unha misteriosa maldición envolve a un dos galeóns chegados das Indias, o *Santiago*, pois transporta un sepulcro de pedra co esqueleto dun caudillo arrodeado de alfaias. Os asasinatos sucédense no Arenal de Sevilla e o pai de Leonor, Antonio de Cortázar, xoga o seu prestixio na Corte e o seu posto na Casa de Contratación, o cal provocará que Leonor solicite a axuda dos seus amigos.

Acompañados de Ferreira e do veneciano Dante Calichio, un enxeñeiro de visita na cidade, os dous heroes participan decisivamente na resolución do misterio, mentres o terror e o caos por mor da inactividade nos

peiraos inzan a cidade. A ameaza e implicación da Garduña planan tamén por esta aventura, ao tempo que Sebastián sente nacer o amor por Leonor e ve incrementados os seus receos con respecto á implicación de don Pedro na confraría e ao misterio que rodea a súa verdadeira orixe: “(...) comenzaba a sospechar que mi llegada a Sevilla en brazos de Francisca no había sido fruto de la divina providencia como ella me había contado” (II, p. 97).

Tras a morte de Francisca, don Pedro confésalle a Sebastián o ocorrido no pasado con seus pais e o seu desexo de convertelo no seu herdeiro. Pero el négase e co seu amigo nipón abandona Sevilla en dirección á Corte, onde tamén se instalará Leonor. Tomás Felipe pretende reunirse alí cos seus compatriotas e Sebastián fuxir da verdade que descubriu. Novas aventuras esperan por eles en Madrid.

### *LA CORTE DE LOS PRODIGIOS*

Arrinca coa parella protagonista en plena viaxe cara a Madrid. Ao seu paso por unha vila castelá vense envoltos nunha liorta nunha pousada, na que ten lugar o manteo do truán e actor de comedias Antonio de Solís. Sebastián repara na estraña marca que Solís leva na man dereita, e os seus temores confírmanse cando o actor lles rouba e desaparece, deixándoos sen recursos no camiño e pregoando maledicencias que os obrigan a esconderse da Santa Hermandad.

Xa na Corte, mergúllanse no rebumbio dos mercados e prazas e baten con Bartolomé de Orgaz, un rapaz afeito a buscar a vida naquel contexto hostil que se converterá no seu guía. Por el saben que a embaixada xaponesa xa partiu e que a Corte do rei se trasladou a Burgos, co cal Leonor tamén abandonou a cidade. Esvaecidas as súas esperanzas de atopar acubillo, comeza o seu deambular por unha cidade que se debuxa ingrata, repleta de vilezas, desigualdades sociais, miseria, pendencias e crueldades.

A existencia dunha suposta balea nas augas do río Manzanares estende o medo entre a poboación, xa que a súa aparición vai acompañada do achado de nenos afogados. Sebastián e Tomás Felipe, canda Bartolomé, implícanse na resolución do misterio, neste caso coa participación de Solís; do sinistro nigromante Juan de Espina, membro dunha irmandade de alquimistas, Los Armeros; e do mesmísimo Lope de Vega, co que traban amizade. Sucédense asasinatos con moedas envelenadas e lentos avances nas súas pescudas arredor da existencia dun antigo caderno de artefactos de Leonardo da Vinci.

O desenlace deixa a trama nun punto culminante. Tras unha explosión na beira do Manzanares, provocada por Espina, Sebastián observa, no medio da súa conmoción, como se achega unha ringleira de figuras

encapuchadas, tras o cal se desmaia e esperta nunha cela fría e húmida. Nas últimas liñas avánzase que os destinos de Sebastián e Tomás Felipe se separarán.

### *LA COFRADÍA DE LOS LOCOS*

A derradeira novela da serie condúcenos cara ao anticipado desenlace, non sen antes ofrecernos unha nova e intrincada aventura, ou talvez deberíamos precisar que se trata de dúas, pois a acción desdóbrase para presentar o que lles acontece aos dous personaxes, separados tras a explosión na beira do río ao remate de *La corte de los prodigios*.

Sebastián foi encerrado na cidade subterránea de Tule, un secreto labirinto de pasadizos construído baixo o Alcázar, poboado por seres de tamaño prodixioso e con diferentes deformidades, ademais de ananos coma el, que foxen do maltrato dos homes. Da man de Dominguillos e de súa filla Sofía, Sebastián descobre a conspiración que aboia sobre a súa amiga Leonor, pois dous ananos da Corte planean matar a novísima Princesa de Asturias de xeito que a culpa recaia nela. Tamén desvela a identidade dun asasino que percorre as galerías subterráneas e que resulta ser o nigromante Espina, convertido nun ser monstruoso tras sobrevivir á explosión do Manzanares.

Pola súa parte, Tomás Felipe perdeu a memoria e atópase na cabana dunha vella cruel chamada Celestina que di ser súa nai e o converte no seu escravo. O samurai vese conducido a un mundo no que se loita feramente para sobrevivir. Nada queda da súa honra de guerreiro, sobre todo cando se converte no Matador e participa en pelexas organizadas a cambio dos cartos das apostas, facendo gala da súa forza e habilidade. A súa conciencia, non obstante, envíalle constantes avisos a xeito de visións oníricas sobre o seu pasado, os seus afectos familiares, os seus vellos amigos e as aventuras vividas. Por fin, tras un delirio de alcohol, na súa mente faise a luz ao ver as súas armas e logra recoñecer os seus amigos, Lope, Bartolomé e Solís (que usurpou para sempre a personalidade de Espina). É así como recupera o seu carácter, aínda que sen se desprender da mala conciencia polos seus abominables actos anteriores.

Ambas as tramas conflúen na parte final, na que se resolven todos os conflitos e, finalmente, Tomás Felipe embarca desde Sevilla rumbo ao seu país, mentres Sebastián se despide desde o palacio do seu protector, como tivemos ocasión de ler en *El camino de Levante*.

## CARACTERÍSTICAS DISCURSIVAS

A concepción seriada das novelas require a lectura de todas as entregas, xa que os episodios se encadean temporalmente e conclúen explotando ao máximo a tensión dramática e a intriga no seu desenlace, co cal se crean expectativas no lector e se esperta o interese por seguir lendo. Recórrase tamén á repetición de certos matices co fin de manter a cadencia narrativa e, desde o punto de vista estrutural, as novelas comparten características discursivas, o que reafirma a concepción integral do proxecto. Malia isto, cada entrega engade novos elementos alén da peripecia aventuresca, establecida en termos de presentación, nó e desenlace, que van dando conta da transformación interior dos personaxes centrais e da evolución da súa madurez, responsabilidade, aprendizaxe e humanidade co paso do tempo, en concreto no caso de Sebastián Corcovado, o que acompañamos dos doce aos dezaioito anos.

As catro novelas presentan unha estrutura semellante, pois están divididas en partes tituladas, integradas á súa vez por capítulos non demasiado extensos e dotados de cohesión interna, o cal facilita a lectura e a combinación de acción, diálogos e reflexión. Todas elas se dividen en tres partes, agás a primeira que o fai en catro, sen dúbida porque, ao ser a que serve de arrinque, nela se introducen as claves que sustentan o relato e mais o pasado de Sebastián desde a súa máis tenra infancia até que coñece a Tomás Felipe.

As partes van encabezadas por citas en verso de autores do Século de Ouro español –Lope de Vega, Francisco de Quevedo, Luis de Góngora e Cristóbal de Castillejo–, que se utilizan como reforzo dos temas tratados e establecen un intelixente diálogo intertextual cunha literatura con sona de complexa ou distante que revela aquí a súa gran beleza e funcionalidade, ao se articular perfectamente cunha narración destinada a lectores actuais.

É ben significativo, por afianzar o deseño circular da serie, que *El camino de Levante* abra a súa primeira parte, composta por dous capítulos introdutorios e titulada “Ir y quedarse”, cos versos de Lope de Vega, que tamén atoparemos na terceira parte da última novela, “Quedar y partirse”:

Ir y quedarse y, con quedar, partirse,  
partir sin alma y ir con alma ajena,  
oír la dulce voz de una sirena  
y no poder del árbol desasirse.

Sebastián Corcovado preséntase como artífice do relato, en calidade de narrador interno en primeira persoa, dirixíndose ao lector para reconstruír como un cronista os seis anos que pasou co xaponés unha vez que

os seus destinos se separan para sempre. O centro do seu relato ocúpalo as fazañas e a personalidade do seu compañeiro de andanzas, desde que ambos se coñecen e amigan. Porén, é asemade protagonista do relato, pois a súa participación é decisiva nuns lances que xorden por mor da súa curiosidade e intervención, ademais de contar a súa vida, o seu desacougo vital e os enigmas que arrodean as súas orixes familiares.

*La cofradía de los locos* é sen dúbida a entrega máis complexa a nivel estrutural, debido ao desdoblamento da acción tras a separación dos personaxes e ao mantemento dunha perspectiva dobre en primeira persoa nas voces de Sebastián e Tomás Felipe:

-nos capítulos I, II, IV, V, VII, VIII e IX coñecemos o que lle ocorre a Sebastián, recluso na cidade de Tule;

-nos capítulos III e VI relátanse as peripecias de Tomás Felipe;

-nos capítulos X e XI conflúen ambas as tramas, alternando os acontecementos que viven por separado en secuencias marcadas con espazos en branco;

-e, finalmente, no capítulo XII Sebastián toma de novo o mando no seu papel de redactor da crónica para nos conducir até o final.

El mesmo aclara que o relato de Tomás Felipe é produto dunha reconstrución posterior tras oír da súa voz “mucho tiempo después” (IV, p. 34); “Tomás Felipe me contó parte de lo que le había sucedido durante todo ese tiempo” (IV, p. 185). Aínda que este deseño obriga o lector a prestar atención para descodificar en cada caso a identidade da voz narradora a partir da propia secuenciación do relato, en certa medida o recurso de introducir a voz do nipón en primeira persoa para relatar as súas peripecias esvaece levemente a focalización de cronista que desempeña Sebastián no resto de novelas.

A construción temporal da serie revélasenos con precisión ao comezo, como xa dixemos, pois arrinca o 23 de outubro de 1614 en Sevilla e remata o 7 de xuño de 1620 na mesma cidade andaluza, un alcance temporal, polo tanto, de case seis anos. A narración estrutúrase a partir dun desenlace proléptico<sup>13</sup> tras o que os acontecementos seguen unha orde cronolóxica, o cal intensifica o decisivo papel da temporalización e da voz narrativa para salientar a importancia do encontro na conformación da personalidade de Sebastián no que atinxe á súa aceptación persoal, ao tempo que ambos os

---

13

Marcos Calveiro declarou en diferentes ocasións que adoita construír as súas historias partindo do final, aínda que até o momento este sistema de escritura non se reflectira na articulación interna das súas obras. Véxase por exemplo: “Yo empiezo escribiendo el capítulo final; éste me abre el camino que tengo que seguir para desarrollar la historia y la estructura de la novela”, en Ágatha de Santos, “Siempre empiezo por el capítulo final y a partir de aquí desarrollo la historia”, *Faro de Vigo*, 20 de abril de 2010.

aspectos favorecen o ton evocativo e descritivo da narración, como convén tanto a unha presentación circular como á mirada cara a feitos pasados que se recrean desde o pouso da experiencia.

<i>El camino de Levante</i>	<i>La calavera del indio</i>	<i>La corte de los prodigios</i>	<i>La cofradía de los locos</i>
<p><i>Arrinque:</i> 7 de xuño de 1620 (despedida)</p> <p>Primeiros anos da vida de Sebastián Corcobado até que coñece a Tomás Felipe o 23 de outubro de 1614.</p> <p><i>Conclusión:</i> aproximadament e en novembro de 1614</p>	<p><i>Arrinque:</i> tres meses despois (elipse): febreiro 1615</p> <p><i>Conclusión:</i> agosto 1615</p>	<p><i>Arrinque:</i> setembro 1615</p> <p><i>Conclusión:</i> marzo 1616</p>	<p><i>Arrinque:</i> marzo 1616</p> <p><i>Conclusión:</i> 7 de xuño de 1620 (despedida)</p>

Son constantes ademais as referencias ao paso do tempo marcadas polo cambio de estacións, festividades e celebracións, xunto a detalles que teñen que ver con acontecementos reais e que alicerzan a temporalización do relato.

Os trazos definitorios da novela histórica requiren que se nos mergulle nunha época determinada a través da recreación do seu ambiente, os seus costumes e a súa mentalidade, situando nela uns personaxes inmersos nos códigos desa sociedade. Neste aspecto, Calveiro desprega unha completa mirada sobre o século XVII español durante o reinado dos Austrias, escollendo como escenario as dúas cidades máis populosas do momento: Sevilla e Madrid, representadas por enclaves reais que os personaxes percorren e frecuentan. Así, menciónanse, entre outros moitos, lugares sevillanos como A Xiralda, o Alcázar, a lonxa, as prazas de San Francisco e do Salvador, a Real Audiencia, os despachos dos escribáns, o taller de pintura do mestre Pacheco, as tabernas, as baiucas ou o castelo da Santa Inquisición; e madrileños como a Rúa Maior, o Matadoiro da Porta de Toledo, a Ponte de Segovia, o Campo do Moro, o Alcázar, o Corral do Príncipe –cuxo excelente

retrato se presenta na ilustración a dobre páxina de III, pp. 130-131–, a Rúa do Lobo (actual Echegaray), etc.

O retrato espacial complétase coas descrições ambientais e sociais, que non difiren demasiado nas dúas cidades. No caso de Sevilla, onde “era tan sencillo perder la vida de una estocada como la honra por una guasa” (II, p. 13), perfilanse animadas por mercadores e cabaleiros que falan de negocios ou das últimas novidades chegadas das Indias, cun tránsito continuo de criadas, arrieiros, lacaios e coches de cabalos, eivados certos e finxidos que viven da mendicidade, ladróns e delincuentes, unha variada representación que incide na diferenza de clases. En Madrid existen tamén luxosos establecementos de sedeiros, xoieiros, zapateiros, paneiros ou bordadores para abastecer as necesidades da Corte, rodas onde se reúnen comediantes e autores a negociar os seus asuntos ou casas de xogo. Preséntase unha cidade bulideira e chea de xente de toda condición, particularmente marcada pola picaresca, os perigos, a violencia e a extrema diferenza social, como un “gran hospicio de todos los huérfanos de la fortuna” (III, p. 54):

Casi todas las jornadas fuimos testigos de alguna muerte a causa de un robo, un amorío, una discusión de juego o una venganza de honor. Morían caballeros, religiosos o buscavidas; nadie estaba a salvo de una estocada traidora en cualquier callejón, plazuela o descampado. No había semana, según nos contó Bartolomé, en que un rufián no fuese ejecutado en la plaza de la Villa, ya con el anillo de hierro del garrote o con la soga de cáñamo de la horca; por no hablar de aquellos a quienes azotaban –hombres, mujeres o niños– debido a las más variadas faltas (III, p. 55).

Cómpre aludir ademais ao Xapón decote descrito e evocado por Tomás Felipe e a outros microespazos que adquiren gran relevancia, entre eles, o palacio de don Pedro e a súa biblioteca, a misteriosa casa de Juan de Espina, ategada de prodixios e autómatas, ou o mundo de Tule, en tanto sociedade oculta coas súas propias regras.

No que se refire aos personaxes principais, e como fomos apuntando, ambos forman

una pareja dispar, un extraño dúo de contrarios: como la calma y la tormenta, o como la luz y las tinieblas. Durante todos estos años de aventuras y querellas, todas las miradas repararon en nosotros allí donde fuimos, ya fuera en los palacios, en las tabernas o en los teatros (I, p. 11).

Él amaba el silencio y yo el revuelo. Éramos muy distintos y, a pesar de todo, andábamos siempre juntos. Misterios de la amistad (II, p. 36)

Malia as súas diferenzas, que se axustan á lei do contraste de estirpe cervantina, comparten a súa condición de se sentir estraños nun mundo que non senten como propio: Sebastián pola súa condición de anano eivado<sup>14</sup>, que conseguirá superar, e Tomás Felipe doente dunha intensa melancolía pola distancia das súas raíces culturais e afectivas nunha sociedade completamente diferente da súa. A parella responde ao modelo instaurado con Don Quixote e Sancho Panza, en tanto o primeiro expón a súa filosofía e o segundo escoita e aprende do seu mestre, exercendo de guía á súa vez nun mundo que non é o seu.

A evolución de Sebastián pon de manifesto a dimensión iniciática da historia. Ademais de asistir á súa transformación en adulto e á súa progresiva madurez a causa de todas as experiencias vividas, pouco a pouco as súas aventuras gañan en profundidade, demostrando cada vez máis a súa perspicacia e a súa decisión. Del parte sempre o interese por desvelar os distintos enigmas que se presentan, en boa medida por un concepto da inxustiza asentado desde a infancia. A amizade con Tomás Felipe será decisiva na súa vida e tras a despedida reconece que comeza para el un novo camiño como único dono do seu albedrío, tras recibir o maior regalo que un home pode posuír: “la libertad de decidir su propio destino” (I, p. 16).

Sebastián é o suxeito enunciador do retrato do nipón, destacando nel non só as características físicas que o converten nun auténtico heroe, senón tamén o insólitos que resultan o seu carácter, os seus principios, os seus valores e a súa cultura en contraste coa España da época. Quedan patentes, entre outros aspectos, a súa concepción do honor e da amizade, o seu estrito sentido da xustiza, o seu coñecemento de saberes ancestrais, o seu diferente sentido do humor, tan distante do territorio da ironía e a burla cruel transitado polos españois, a súa xenerosidade e valentía. Trátase dun personaxe concibido cunha gran profundidade, co fin de reflectir toda unha filosofía vital e cultural, que se plasma coa inserción de vocabulario, proverbios, poemas, lendas ou mitos. Deséñase así un honorable guerreiro dotado tamén dunha exquisita sensibilidade e refinamento.

Ellos no saben nada de él, no lo conocen. No saben de su bondad y de su generosidad, de su ánimo firme y de su

---

<sup>14</sup> Volve o autor a presentar o seu interese pola diferenza e a deformidade, como ocorría en *Rinocerontes e quimeras*.



inquebrantable lealtad. Si lo conociesen tan bien como yo no huirían asustados. Sabrían que en su corazón no anida ni una miga de maldad, ni de envidia, ni de ambición. Sabrían de la justicia y ecuanimidad de cada uno de sus actos, incluso de los más violentos, de aquellos que le llevaron a impregnar su acero con la sangre enemiga (I, p. 11).

Este retrato complétase coa descrición dos avatares do seu pasado, coa loita constante que mantén contra as pantasma do seu interior, coas lembranzas da muller, as do seu defunto pai e as dos seus perdidos compañeiros de embaixada. Todo isto acentúa o desarraigo do personaxe, cada vez máis desaquelado pola morriña e tristeza consonte se adía o regreso á súa patria, e que mesmo renuncia aos seus valores fundamentais. En *La corte de los prodigios* é onde máis se incide na transformación do carácter do samurai, xa que, devagar, embebido nun ambiente no que se impón a supervivencia, renuncia á paciencia, á mesura e á discreción que sempre presidiran as súas accións para deixarse levar polas paixóns, e ata se verá obrigado a transgredir o seu código de honor e a poñer a súa catana ao servizo dos cartos.

Os demais personaxes desempeñan diferentes roles no desenvolvemento argumental:

-antagonistas, intrigantes inimigos que resultan malparados ante o samurai: Lucas o Valenciano e os seus secuaces da confraría da Garduña (I e II); Juan de Espina (III e IV); a cruel Celestina; o bárbaro matachín Pichón; o xigante Bilandóns; a anana María Pupe ou Baltasar (IV).

-ambiguos na súa presentación que desvelan posteriormente os seus malvados propósitos, maquinacións ou mentiras: Francisca e don Pedro de Gárate (I y II); Dante Calichio (II); ou Dominguillos (IV).

-colaboradores e/ou axudantes dos dous heroes principais: Diego Velázquez (I); o capitán Bieito Ferreira (II); Leonor (I e IV); Lope de Vega, o actor Antonio de Solís e Bartolomé de Orgaz (III y IV); ou a anana Sofía (IV).

-damas en apuros: Marcela (I), Leonor (III) e a anana Sofía (IV).

-personaxes secundarios que aparecen ben como complemento de diferentes peripecias, ben aludidos: o mestre Pacheco e frei Sotelo (I); Jacobo, o libreiro e Juan de Piña, amigo de Lope (III); Ferrán, o capataz do Matadoiro, Brígida, a muller barbuda de Tordesillas e seu fillo Pascual, Gaspar de Guzmán, a familia real ou Bonamí (IV).

A introdución de personaxes históricos engade un punto de interese á trama, xa que ademais de aproveitar aspectos da súa biografía, afástanse do seu perfil de artistas destacados da época e preséntanse cargados de humanidade, coas súas paixóns mundanas e defectos. Velázquez aínda non

é o famoso pintor, senón un aprendiz novo con gran talento e novas ideas con respecto ao seu mestre, mentres que Lope de Vega, con maior peso no relato, perfílase como un home capaz de se involucrar en accións arriscadas, xogador, perspicaz, con gran sentido do humor, experto en amores e creador prolífico de grande éxito recoñecido co cariño do pobo.

Conta cunha especial relevancia, alén de constituír un claro exemplo dese xogo de indagación que Calveiro semella propoñer nas súas obras, a inclusión do mundo dos ananos, pois moitos dos mencionados existiron de certo –María Pupe, Bonamí, Magdalena, o tolo Morata ou Baltasar<sup>15</sup>–, así como un dos traballos que adoitaban exercer: o de construtores de xoguetes para os nenos e nenas da familia real<sup>16</sup>. É ben sabido que os Austrias sentiron predilección por estas xentes e que acostuman aparecer representados en moitos dos retratos do século XVII. A súa introdución é un detalle barroco máis, un acento na época recreada do que o autor tira un asombroso partido.

Había oído decir que los Austrias eran muy aficionados a los monstruos y que los empleaban como bufones para su entretenimiento y diversión. Por lo visto, el Alcázar estaba atestado de enanos, locos y otras abominaciones que la naturaleza o los designios divinos habían traído a este mundo. “Hombres de placer”, les llamaban; su cometido era proporcionar distracción al rey, a los infantes y a los nobles de la Corte, que a su vez disponían también de bufones o enanos en sus palacios. Incluso se rumoreaba que el difunto Felipe II no salía de viaje sin acompañarse de una enana llamada Magdalena y de un loco de nombre Morata que le eran muy queridos a él y a sus hijas las infantas (IV, p. 24).

Do mesmo modo, en *La corte de los prodigios* e *La cofradía de los locos* o relato de acontecementos históricos introdúcese en forma de alusión como un elemento máis da intriga que rodea a Corte de Felipe III, cuxo fillo, o futuro Felipe IV, foi efectivamente prometido con Isabel de Borbón de cativo e casou con dez anos. Na ficción elimínanse nomes e datos concretos, pero resulta extremadamente gratificante poder comprobar a exactitude na

---

<sup>15</sup> Póde consultarse ao respecto *Locos, enanos, negros y niños palaciegos: gente de placer que tuvieron los Austrias en la Corte española desde 1563 a 1700. Estudio y catálogo*, de José Moreno Villa, Sevilla: Editorial Doble J, 2007. Dispoñible en: <http://www.luisvives.com/servlet/SirveObras/ecm/46860953115138273022202/p0000001.htm>

<sup>16</sup> “Saber que un tal Panela era quien hacía los juguetes al príncipe Baltasar Carlos (...) el juguete que le hacía más frecuentemente era el “dominguillo” (...)”, en *ibidem*. Compárese coa explicación que Dominguillos lle ofrece a Sebastián en IV, p. 30.

concreción dos feitos, enfocados desde unha perspectiva afastada dunha fría lección de Historia que podería ser útil para o traballo dos profesionais da mediación lectora. A esta intención responde tamén, por poñer outro exemplo, a presenza de Gaspar de Guzmán, o futuro e poderoso Conde-Duque de Olivares, aquí nos comezos do seu ascenso ao poder, nunha Corte ateigada de intrigas:

Aquello es un nido de víboras donde todos los días se sellan alianzas, se rompen amistades y se desmontan conjuras. Todos quieren sacar la cabeza en el salón del trono para que el rey los vea (...) Allí todos luchan como bestias por las prebendas y los privilegios. ¡Y nos tachan de monstruos a nosotros! (IV, p. 120).

Un tal Gaspar de Guzmán. Se hizo muy amigo del príncipe de Asturias en aquel viaje que hizo al norte para recoger a su prometida francesa. A su regreso lo nombraron gentilhombre de cámara del futuro rey y, por lo visto, tiene gran ascendencia sobre él (IV, p. 121).

En resumo, a colección «El samurái del rey», mesturando recursos procedentes do xénero histórico, do de aventuras e do relato biográfico, logra unha axeitada conxunción dos feitos externos coa intimidade dos personaxes e da intriga coa descrición do século XVII español, e faino dun xeito ameno e con gran calidade literaria.

Da man de dous personaxes en claro contraste, amósase unha cultura exótica en diálogo e comparación coa española, e as novelas acollen un bo catálogo de aventuras de capa e espada, intrigas, embustes, enganos, enfrontamentos coa morte, disfraces e ocultacións, sen esquecer a presenza da comicidade. Trazos como a existencia dun personaxe cronista, o coidado no tratamento temporal, a introdución de figuras e anécdotas históricas canda outras ficticias, os xiros argumentais, o ritmo intenso, os finais inesperados, a confluencia de tramas e a dimensión iniciática da historia, así como o estilo, que sen ser arcaizante connota a época abordada coa introdución mesmo de vocabulario español en desuso e de léxico e textos en xaponés, convierten esta serie nunha excelente opción para espertar o pracer da lectura e para favorecer o achegamento a unha etapa do pasado que aparece inescusablemente nas leccións oficiais do lectorado ao que se dirixe. En definitiva, literatura que permite ampliar horizontes e competencias lectoras.

## REFERÊNCIAS

ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015, p. 339-341.

CALVEIRO, MARCOS. *Sari, soñador de mares*. Vigo: Tambre, 2006, col. Catavento, n.º 15, 85p.

CALVEIRO, MARCOS. *Rinocerontes e quimeras*. Vigo: Tambre, 2007, col. Catavento, n.º 20, 157p.

CALVEIRO, Marcos. *O carteiro de Bagdad*. Ilust. Miguel Ángel Díez. Vigo: Tambre, 2007, col. Ala Delta, serie verde, n.º 21, 138p.

CALVEIRO, Marcos. *O canto dos peixes*. Vigo: Xerme Edicións, 2008, col. Barco de vapor, n.º 32, 101p.

CALVEIRO, Marcos. *O pintor do sombreiro de malvas*. Ilust. Ramón Trigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 129, 174p.

CALVEIRO, Marcos. *Centauros do Norte*. A Coruña: Editorial Rodeira, 2011, col. Periscopio, n.º 9, 136p.

CALVEIRO, Marcos. *Palabras de auga*. Ilust. Ramón Trigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, 2012, 147p., n.º 223.

CALVEIRO, Marcos. *Todos somos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2013, col. Fóra de Xogo, n.º 150, 151p.

CALVEIRO, Marcos. *Raro*. Ilust. Ana Pez, Vigo: Editorial Tambre, 2013, col. Ala Delta, serie vermella, n.º 21, [40]p.

CALVEIRO, Marcos. *As palabras poden matar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015, col. Fóra de Xogo, n.º 157, 129p.

CALVEIRO, Marcos. *Unha casiña branca*. Ilust. Marcos Viso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015, col. Sopa de Libros, n.º 56, 128p.

CALVEIRO, Marcos. *Días azuis, sol da infancia*. Vigo: Tambre, col. Catavento, 2017, n.º 35, 182p.

CALVEIRO, Marcos. *Pablo e as pombas* (2018). II. María Pascual de la

Torre, Vigo: Edicións Tambre/Edelvives, 2018, col. Ala Delta, serie verde, 130p.

CALVEIRO, Marcos. *Todos fomos* (2021). Vigo: Xerais, 2021, col. Fóra de xogo, 144p.

CALVEIRO, Marcos. *El samurái del rey: el camino de Levante*. Ilustr. Ramón Trigo. Trad. Enia Andrade. Zaragoza: Edelvives, 2010.

Data de recebimento: 10 jul. 2022

Data de aprovação: 10 set. 2022